

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Heroes e heroínas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Onde estará o tesouro do pirata Benito Soto?

Cando o pirata pontevedrés Benito Soto Aboal (1805-1830), un dos últimos, senón o derradeiro, e o máis sanguinario dos piratas do Atlántico, foi executado en Xibraltar o 25 de xaneiro de 1830, comezou a lenda arredor do paradoiro dos seus tesouros.

Na praia gaditana onde embarrancara o seu barco El Defensor de Pedro, que xa fora rebautizado como Burla Negra, seica atoparon moedas acuñadas entre 1752 e 1757.

En Pontevedra, sempre se especulou co posible paradoiro do tesouro deste pirata na súa cidade natal:

Estará nalgún lugar do edificio do antigo bar Pítillo?, ou

estará na Casa das Campás, hoxe, sede do Vicerrectorado da Universidade de Vigo? ou

... como nos di [Calros Solla](#) en O tesouro dos Fontao:

É vox populi que os Fontao de Cerdedo, nomeados canteiros, atoparon un pote atacoado de moedas de ouro mentres muriaban na escalinata da basílica de Santa María A Maior de Pontevedra. Testemuños dignos de creto aseguran que o achádego era quiñón do tesouro de Benito Soto, o pirata da Moureira.

Para poder achegarse ás respostas, se é que as hai, pode resultar de axuda ler as novelas La Burla Negra, de J. M^a Castroviejo, El dueño del miedo, de Ramón Solís, Amargas han sido las horas, de Alberto Fortes, ou Morning Star de Xosé Miranda.



BENITO SOTO